



PARROQUIAS

Recuperan a microtoponimia de Ferrol en risco de desaparición

... Presentan unha mostra do proxecto

. E.P.

O Concello de Ferrol inaugurou onte na Fundación Caixa Galicia a exposición do Proxecto de Recuperación da Toponimia Local, impulsado pola Xunta de Galicia, e que recuperou máis de 2.500 topónimos locais, tras un traballo de dous anos.

A sede da Fundación Caixa Galicia de Ferrol acolleu onte o acto público de presentación do Proxecto de Recuperación da Toponimia Local do Concello de Ferrol, promovido polo gabinete de normalización lingüística municipal, dentro do proxecto *Toponimia Galicia*, impulsado pola Xunta, para recuperar a "microtoponimia" con risco de desaparición, en especial a da zona rural.

A mostra recolle 28 paneis fotográficos, que recollen os nomes actuais e antigos das distintas zonas. No proxecto, iniciado polo gabinete de Normalización Lingüística municipal recolléronse 2.533 topónimos, dos que 1.836 corresponden a predios, 425 a entidades humanas, 160 a accidentes terrestres, 84 a ríos e 306 a accidentes costeiros. O proxecto comezou no 2005 en todas as parroquias da zona rural de Ferrol.

[comentarios](#)